

NORMATIVA PARA A LIBRE ELECCIÓN

Aprobada en

Xunta de Goberno de 10 / 02 / 2000

e modificada en:

Xunta de Goberno de 02 / 10 / 2001
Consello de Goberno de 11 / 12 / 2003
Consello de Goberno de 24 / 11 / 2005
Consello de Goberno do 08 / 11 / 2006

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

Para facer posible o cumprimento do dereito dos alumnos e alumnas a configurar libremente parte do seu currículo, aproveitando o proceso de reforma dos planos de estudio e en función da experiencia acadada ó longo de estes anos, regulámense os aspectos relacionados coa libre configuración do currículo a través da seguinte normativa.

I.- PRELIMINAR

1. Segundo o establecido no Artº 7º.3.c. das Directrices Xerais Comúns (D.X.C.) dos planos de estudio dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio, a porcentaxe de créditos para a libre configuración do seu currículo polo estudante non poderá ser inferior ó 10% da carga lectiva global do plano de estudos conducente á obtención do título oficial de que se trate.
2. Pola súa banda, no segundo párrafo da letra c do apartado 1 do Artº. 7º das D.X.C., establecece que as Universidades deberán determinar, ó comezo de cada curso académico, a relación de materias, seminarios e demais actividades académicas que constitúan obxecto da libre elección do estudante, podendo, en función da súa capacidade docente, limita-lo número de prazas que se oferten.
3. En ningún caso poderán ser obxecto de libre elección, segundo o establecido no Artº 7º.1.c. das D.X.C., aquelas materias ou actividades académicas de contido idéntico ou moi semellante ó das materias propias xa cursadas da titulación correspondente, nen aquelas outras materias ou disciplinas que poidan estar suxeitas a prerequisites ou incompatibilidades.

II.- DIRECTRICES PARA A OFERTA DE LIBRE ELECCIÓN

4. Co fin de dar cumprimento ós diferentes aspectos do establecido no Artº 7º.1.c. das D.X.C., a oferta de libre elección establecida pola Universidade de Vigo estará constituída por:
 1. Materias Troncais, Obrigatorias e Optativas de planos de estudio vixentes
 2. Materias Específicas de Libre Elección
 3. Actividades Académicas ofertadas para a Libre Elección
5. Nos casos de Materias Troncais, Obrigatorias e Optativas dos planos de estudio vixentes e de Materias Específicas que se oferten para a Libre Elección, os profesores responsables da súa docencia avaliarán os coñecementos adquiridos polo alumnado. A cualificación outida (suspenso, aprobado, notable, sobresaliente, matrícula de honra), figurará na acta correspondente.
6. O expediente do alumno ou alumna incluírá, con plenos efectos académicos, a denominación da materia cursada e a cualificación acadada.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

1.- MATERIAS TRONCAIS, OBRIGATORIAS E OPTATIVAS DE PLANOS DE ESTUDIO VIXENTES

- 7 As materias ou disciplinas que formen parte dos planos de estudio aprobados (troncais e obrigatorias), só se incluírán entre aquelas que poidan elixir para configurar libremente o seu currículo o alumnado doutras titulacións distintas ás da que as debanditas materias formen parte, cando o centro no que se impartan así o manifeste, previo acordo da área de coñecemento responsable da mesma. Na oferta destas indicárase expresamente o número de prazas de libre elección que se ofertan para cada materia troncal ou obrigatoria.
- 8 Co fin de aproveitar os recursos disponibles, a Universidade de Vigo, a través da C.O.A.V., potenciará a oferta de prazas para a libre elección naquelas materias e disciplinas troncais, obrigatorias e optativas de titulacións con baixo número de matriculados.
- 9 Agás naquelas titulacións que durante os dous últimos cursos académicos non cubrisen o 75% do número de prazas ofertadas, os centros non poderán ofertar para a libre elección materias ou disciplinas troncais e obrigatorias que se impartan no primeiro curso, do primeiro e segundo ciclo, daquelas titulacións que teñan establecido límite de prazas.
- 10 Os centros e departamentos non poderán ofertar para a libre elección materias ou disciplinas que esixan coñecementos previos ou requisitos que non se poidan cumprir polo alumnado ó que se lles oferten como materias de libre elección.
- 11 No suposto de que un alumno superase unha materia optativa que foi ofertada con dobre carácter, poderá solicitar no seu centro para o remate do correspondente ciclo ou para a finalización dos estudos, o cambio de carácter de dita materia. Se o cambio é de libre configuración a optativa, deberá figurar no seu expediente no 1º ou no 2º ciclo segundo a adscrición da mesma no plano de estudos.
En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como de libre configuración.
- 12 Os centros estarán obrigados a ofertar prazas de libre elección en todas e cada unha das materias optativas das titulacións que imparten, sexan estas materias optativas xerais ou materias de orientación ou itinerario. Na oferta de materias optativas para a libre elección indicárase o número de prazas de libre elección que oferta cada materia.
- 13 Dado que a proposta de materias e disciplinas (troncais, obrigatorias e optativas) ofertadas para a libre elección se fai con anterioridade á que os centros e departamentos teñan aprobados, respectivamente, os horarios e P.O.D. correspondentes; estes deben comprometerse a aporta-los datos necesarios (horario, profesor/a encargado, etc.) que lle permitan ó alumnado facer unha elección responsable e con coñecemento das características de todas e cada unha das materias ofertadas. Os centros deberán comprometerse a non variar o horario previamente establecido para as materias troncais, obrigatorias e optativas que oferten prazas de libre configuración.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

- 14 A oferta para a libre elección de materias / disciplinas troncais, obrigatorias e optativas en ningún caso implicará aumento de grupos correspondentes á materia ou disciplina da que se trate.

2.- MATERIAS ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN (M.E.L.E.)

- 15 En colaboración cos seus centros, áreas de coñecemento e departamentos, a Universidade de Vigo fará unha oferta anual de **materias específicas para a libre elección**, aprobada pola Xunta de Goberno, que estará composta por dous tipos de materias:

- Materias Específicas para a Libre Elección de Titulación (M.E.L.E.T.)
- Materias Específicas para a Libre Elección Xeral de Campus (M.E.L.E.X.C.)

2.1.- MATERIAS ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN DE TITULACIÓN (M.E.L.E.T.)

- 16 Os centros da Universidade de Vigo, previo acordo das correspondentes áreas de coñecemento e departamentos, e atendendo ós seus contidos, elevarán a C.O.A.V. a proposta de materias que desexen ofertar especificamente para a libre elección das súas titulacións (M.E.L.E.T.) ou de calquera outra das titulacións impartidas no Campus, segundo o modelo establecido.
- 17 A oferta de M.E.L.E.T. feita polos centros debe estar formada por **materias de carácter complementario xeral ás titulacións** da que se trate. Recoméndase que na oferta de Materias Específicas para a Libre Elección de Titulación se teña en conta tamén a utilidade das devanditas materias para títulos posteriores. A oferta de cada centro será de 1 materia por cada 100 alumnos/as de límite de entrada, ata un máximo de 3 materias por titulación.
- 18 Os contidos das Materias Específicas para a Libre Elección de Titulación responderán a criterios científicos relacionados coa área de coñecemento sobre a que recaia o encargo de docencia. Dado o carácter singular destas materias, as áreas de coñecemento e departamentos definirán, en concordancia co nome da materia, os seus contidos.

2.2.- MATERIAS ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN XERAL DE CAMPUS (M.E.L.E.X.C.)

- 19 A Universidade de Vigo, a través da C.O.A.V., e en colaboración coas súas áreas de coñecemento, departamentos e centros, elevará anualmente á Xunta de Goberno, para a súa aprobación –se procede-, unha proposta de Materias Específicas para Libre Elección Xeral de Campus (M.E.L.E.X.C.). A proposta de M.E.L.E.X.C. feita polas áreas de coñecemento e departamentos deberá facerse a través dos centros nos que se vai impartir.
- 20 A oferta de Materias Específicas para a Libre Elección Xeral de Campus deberá cubrir, como máximo, o 35% do número de prazas de libre elección correspondente a cada Campus.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

21 Dado que a oferta debe ser aprobada pola Xunta de Goberno con anterioridade á que se cumprimente o P.O.D. correspondente, as áreas e departamentos responsables da súa docencia deberán comprometerse a envia-los datos correspondentes ó profesorado encargado da docencia coa antelación suficiente para posibilitar a súa publicación antes do inicio do período de matrícula.

3.- ACTIVIDADES ACADÉMICAS OFERTADAS PARA A LIBRE ELECCIÓN

22 Tal e como se establece no segundo párrafo da letra c do apartado 1 do Artº. 7º das D.X.C., as Universidades poderán determinar aquelas **actividades académicas** que constitúan obxecto da libre elección do estudante. Dentro da oferta de actividades académicas para a libre elección establecida pola Universidade de Vigo distinguiranse dous tipos de oferta:

- A **oferta xeral da Universidade**, accesible a tódolos alumnos e alumnas da mesma.
- A **oferta específica de cada centro**, destinada ós alumnos e alumnas que cursan algunha titulación no mesmo.

3.1.- DA OFERTA XERAL DE ACTIVIDADES ACADÉMICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN

23 **Cursos complementarios:** Serán obxecto de recoñecemento para a libre elección e polo número de créditos que, na súa aprobación, determine a Comisión de Extensión Universitaria, os Cursos Complementarios aprobados polo Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo.

24 **Cursos de verán:** Terán recoñecemento para a libre elección os Cursos de Verán resultantes dos convenios que a Universidade de Vigo estableza con outras Universidades públicas e/ou privadas. A tal efecto recoñeceranse o número de créditos que establezan os respectivos convenios ou, no seu defecto, o Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo.

25 **Cursos de formación:** Serán obxecto de recoñecemento para a libre elección os Cursos de Formación organizados ó abeiro da Normativa para os Cursos de Formación da Universidade de Vigo. De non especificarse outra equivalencia no correspondente plano de estudos da titulación da que se trate, **cada 15 horas serán equivalentes a 1 crédito.**

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

- 26 **Outros cursos, seminarios ou actividades académicas:** Serán obxecto de recoñecemento para a libre elección e polo número de créditos que se establezan nos respectivos convenios, os cursos, seminarios ou actividades académicas organizados e/ou impartidos total ou parcialmente por outras Universidades, entidades públicas e/ou entidades privadas sen ánimo de lucro coas que exista convenio a tal efecto. Naqueles casos nos que nos respectivos convenios non se estableza o número de créditos a recoñecer, este será determinado pola C.O.A.V.. A tal efecto, e con un mes de antelación á realización das mesmas, as entidades responsables das actividades a homologar deberán remitir ó Vicerrectorado de Organización Académica a seguinte documentación:
- Título do curso, seminario ou actividade académica e entidade organizadora.
 - Programa detallado do curso, seminario ou actividade académica, incluíndo o seu horario.
- 27 **Cursos de posgrao:** Serán tamén obxecto de recoñecemento para a libre elección os Cursos de Posgrao aprobados pola Universidade de Vigo ou por universidades públicas españolas. O número de créditos recoñecidos será, como máximo, o 50% dos créditos do Curso de Posgrao do que se trate.
- 28 **Títulos outorgados polas escolas oficiais de idiomas:** Con suxección ó máximo de créditos de libre elección homologables establecido no correspondente plano de estudos, a aqueles alumnos e alumnas procedentes dunha Escola Oficial de Idiomas recoñeceráselle-lo número de créditos que a seguir se especifican, segundo o grao do que se trate :
- Un máximo de 6 créditos polo título de Nivel 1 correspondente á superación do 3º curso.
 - Un máximo de 6 créditos polo título de Nivel 2 correspondente á superación do 5º curso.
 - Tamén se entenderá acreditado un dos niveis arriba indicados cando o alumno acadase algún diploma dos considerados suficientes por organismo acreditado para o idioma correspondente e nivel .
- 29 Quedan excluídos do recoñecemento automático de créditos de libre elección polos estudos realizados nas Escolas Oficiais de Idiomas, os alumnos e alumnas das Licenciaturas de Filoloxía Hispánica, Galega e Inglesa, de Tradución e Interpretación e da Diplomatura de Mestre; Especialidade de Idioma Moderno.
- 30 **Títulos outorgados polos conservatorios profesionais ou superiores de música:** Con suxección ó máximo de créditos de libre elección homologables establecido no correspondente plano de estudos, a aqueles alumnos e alumnas procedentes dun Conservatorio Elemental, Profesional ou Superior de Música ou danza recoñeceráselle-lo número de créditos que a seguir se especifican segundo o grao do que se trate :
- Un máximo de 2 créditos polo título de Grao Elemental.
 - 2 créditos por cada un dos ciclos superados que compoñen o Grao Medio, ata un máximo de 6 créditos polo título de Grao Medio.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

- 2 créditos por cada un dos ciclos superados que compoñen o Grao Superior, ata un máximo de 6 créditos polo título de Grao Superior.

No suposto de estudos cursados en conservatorios elementais de música ou danza, as certificacións farán constar explícitamente que tales estudos están plenamente homologados ós cursados nos conservatorios profesionais e/ou superiores.

A validez das solicitudes de homologación estará supeditada a que se acompañen da correspondente certificación oficial na que se faga consta-lo(s) grao(s) e/ou ciclo(s) superado(s).

- 31 Quedan excluídos do recoñecemento automático de créditos de libre elección polos estudos realizados nos conservatorios superiores, profesionais e/ou elementais de música, os alumnos/as da Diplomatura de Mestre; Especialidade de Educación Musical.
- 32 O recoñecemento dos cursos de posgrao, títulos dos conservatorios superior, profesional e elementais de música ou danza e das escolas oficiais de idiomas non require que estes estudos se teñan cursado namentres os alumnos ou alumnas se atopen matriculados na Universidade. Só se condiciona a estancia simultánea na Universidade para o recoñecemento de cursos e actividades académicas indicadas nos artigos 23, 24, 25 e 26 da presente normativa.
- 33 A efectos de percepción de taxas pola validación ou homologación todas estas actividades asimiláranse á de materias sen dereito a docencia.

3.2. - DA OFERTA ESPECÍFICA DE ACTIVIDADES ACADÉMICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN

- 34 **Prácticas en empresas**, (dirixidas académicamente por un profesor recoñecido polo centro e controladas mediante a presentación dunha memoria realizada polo alumno ou alumna), e **estancias en centros superiores de investigación** cos que se estableza o convenio correspondente. O profesor responsable certificará a realización das prácticas ou das estancias nos C.S.I., o número de horas e a cualificación de APTO ou NON APTO. De non especificarse outra equivalencia no correspondente plano de estudos, **cada 30 horas serán equivalentes a 1 crédito.**
- 35 **Traballos académicamente dirixidos e integrados no plano de estudos** dirixidos por profesores da Universidade de Vigo e recoñecidos a tal efecto polo centro do que se trate. O profesor ou profesora responsable do mesmo certificará o número de horas e a cualificación de APTO ou NON APTO. De non especificarse outra equivalencia no correspondente plano de estudos, **cada 15 horas serán equivalentes a 1 crédito.**

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

- 36 Aqueles **cursos, seminarios e actividades académicas organizadas por profesores da Universidade de Vigo** que teñan recibido colaboración dalgún Vicerrectorado desta Universidade e, a proposta dos/as decanos/as ou directores/as dos centros da Universidade de Vigo, (previa aprobación das respectivas Xuntas de Centro e para os planos de estudio que se xestionen nas Facultades ou Escolas propoñentes), autorice a C.O.A.V.. Ningún alumno ou alumna da Universidade de Vigo poderá validar por esta vía máis de 5 créditos nun mesmo curso académico.
- 37 De xeito xeral e se o único criterio para valorar o aproveitamento é a asistencia, para autorización da validación por créditos de libre elección dos cursos, seminarios e actividades académicas ás que se fai referencia no Artigo 36 da presente normativa, salvo acordo en contra da C.O.A.P., cada 20 horas lectivas serán equivalentes a 1 crédito e cada 30 horas lectivas serán equivalentes a 2 créditos.
- 38 Os cursos, seminarios e mailas actividades académicas que se recoñezan para a libre configuración curricular, serán **cualificados exclusivamente coas mencións de APTO ou NON APTO**.
- 39 Para a súa autorización pola C.O.A.V., as propostas de cursos, seminarios ou actividades para o recoñecemento de libre configuración curricular ás que se fai referencia no Artigo 36 deberán incluír, alomenos, os seguintes extremos:
1. Solicitude de adxudicación de créditos de libre elección, asinado polo Secretario ou Secretaria do/s Centro/s, previo acordo da Xunta de Centro, ou Comisión correspondente.
 2. Proposta de curso, seminario e/ou actividade académica na que figuren os seguintes apartados:
 - Denominación do curso, seminario ou actividade
 - Breve descripción do contido do mesmo
 - Responsable académico da súa realización
 - Programa detallado do curso, seminario ou actividade
 - Número de horas do mesmo e número de créditos a recoñecer ou homologar
 - Método de seguimento e control da actividade e do aproveitamento dos alumnos e alumnas, de selo caso
 - Datas de celebración e horario
 - Custo de inscrición, de se-lo caso.
- 40 Co fin de poder garanti-la súa autorización, as propostas de cursos, seminarios ou actividades académicas ás que se refire o Artigo 36 deberán ser feitas diante do Vicerrectorado de Organización Académica, para a súa posterior elevación á C.O.A.V., con dous meses de antelación á súa celebración.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

41 Os responsables académicos dos cursos, seminarios e actividades académicas obxecto de recoñecemento para a libre configuración comprométense a controlar o aproveitamento dos estudantes inscritos, e de expedir os certificados de aptitude do alumno ou alumna que o solicite. No devandito certificado (ver modelo anexo) deben figurar, como mínimo, os seguintes extremos:

- Título do curso, seminario ou actividade da que se trate e datas de celebración
- Nome e apelidos do alumno ou alumna e D.N.I..
- Número de créditos autorizados pola C.O.A.V. para o seu recoñecemento como libre elección.
- Data de autorización pola Xunta de centro e pola C.O.A.V.
- Sinatura do profesor responsable e visto e prace do decano/director do centro que autoriza o recoñecemento de créditos para algunha das súas titulacións.

**III.- RECOÑECIMENTO DE ESTUDIOS UNIVERSITARIOS PARCIAIS
COMO
CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN**

42 Tódolos centros da Universidade de Vigo recoñecerán como créditos de libre elección aqueles estudos universitarios parciais que non foran obxecto de validación e/ou adaptación.

43 Feita unha validación ou adaptación de materias, tódolos centros da Universidade de Vigo recoñecerán como créditos de libre elección aquel número de créditos sobrantes ou créditos en exceso.

IV.- REXIME ACADÉMICO DA LIBRE ELECCIÓN

44 As materias de calquera plano de estudos que se cursen como libre elección estarán suxeitas ó réxime académico previsto para as mesmas.

45 Agás naqueles casos de materias con encargo de docencia a áreas de coñecemento que teñan unha capacidade docente consolidada ou consolidable superior á carga docente, aquelas materias específicas de libre elección (M.E.L.E.) que non cubran o 50% das prazas ofertadas, non poderán impartirse nen ofertarse de novo como tales nos tres cursos académicos seguintes.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

- 46 A opción do alumnos ou alumna por calquera das materias susceptibles de ser cursadas como créditos de libre elección poderá exercerse unha soia vez e unicamente durante o período de escolaridade conducente a súa titulación, podendo matricularse dun número de créditos non superior ó 150% do total de materias a cursar. No caso de extinción dalgunha materia de libre elección, poderase exercer de novo a opción, dacordo co indicado no artigo 47.
- 47 Unha vez extinguida unha materia de libre elección, efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos seguintes. Esgotadas polos alumnos estas convocatorias sen que tiveran superado as probas, poderanse matricular de novo de créditos de libre elección nun número non superior ó 150% do das materias extinguidas.

V.- DISPOSICIÓN FINAIS

- 48 A oferta de materias ou disciplinas (troncais, obrigatorias e optativas) que formen parte dos planos de estudio aprobados pola Universidade de Vigo, así como a oferta de materias específicas de libre elección (M.E.L.E.) deberá ser cumprimentada segundo os modelos establecidos a tal efecto (Anexo I).
- 49 As materias específicas de libre elección, tanto as de tipo xeral (M.E.L.E.X.C.) como as propias de titulación (M.E.L.E.T.), terán unha carga crediticia global de 6 créditos teóricos. Non obstante, a Xunta de Goberno, de xeito excepcional e a proposta da Comisión Delegada de Organización Académica e Validacións (COAV) ou correspondente, poderá autorizar para algunhas materias que un máximo do 25% dos seus créditos sexan impartidos en grupos de 50 alumnos/as.
- 50 A aprobación da relación de materias específicas para a libre elección (M.E.L.E.) e do número definitivo de prazas ofertadas correspóndelle á Xunta de Goberno da Universidade de Vigo. Agás en casos excepcionais e debidamente xustificadas de M.E.L.E.T., a oferta mínima de prazas nas M.E.L.E. será de 100 prazas.
- 51 Para facilita-la matrícula dos alumnos e alumnas, elaborárase unha guía específica de materias de libre elección que conterá a máxima información posible sobre as mesmas, e que se fará pública antes do inicio do período de matrícula. Feita pública a devandita guía específica de materias de libre elección non se admitirán variacións nos horarios establecidos para as mesmas, nen naqueles outros aspectos dunha materia que supoñan unha modificación sustancial das súas características.

NORMATIVA SOBRE A LIBRE ELECCIÓN
da
Universidade de Vigo

52 Ós efectos da aplicación da presente normativa, as súas disposicións entrarán en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, quedando derogadas todas aquelas disposicións dictadas polos órganos da Universidade de Vigo, de rango inferior ou igual, que se opoñan ó disposto na presente normativa, agás aquelas específicas de xestión e procedemento.

Dilixencia: Para facer constar que a presente Normativa foi aprobada en sesión ordinaria na Xunta de Goberno o 10 de febreiro de 2000 e modificada en sesión ordinaria na Xunta de Goberno, o 2 de outubro de 2001.

A SECRETARIA XERAL

Margarita Estévez Toranzo

SOLICITUDE
DE
RECOÑECIMIENTO
DE
CRÉDITOS
DE
LIBRE CONFIGURACIÓN
POR
CURSOS, SEMINARIOS
E
ACTIVIDADES ACADÉMICAS

Solicitud de **Recoñecemento de Créditos de Libre Configuración**
por
Cursos, Seminarios, Xornadas e outras Actividades Académicas

1

TÍTULO DO CURSO, SEMINARIO, ACTIVIDADE ACADÉMICA

LUGAR

E

DATAS DE CELEBRACIÓN

CENTRO, DEPARTAMENTO OU ENTIDADE ORGANIZADORA *

ENTIDADE/S COLABORADORA/S

* NO CASO DE QUE A ENTIDADE ORGANIZADORA NON SEXA UN CENTRO / DEPARTAMENTO OU
INSTITUTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
EXISTE CONVENIO COA UNIVERSIDADE

DATA DE SINATURA DO CONVENIO

SI

NON

RESPONSABLE DA ORGANIZACIÓN DO CURSO, SEMINARIO, ACTIVIDADE ACADÉMICA

PROFESOR/A DA UNIVERSIDADE RESPONSABLE ACADÉMICO
(só nos casos de cursos organizados por Asociacións de estudantes)

Nº DE HORAS *
DO CURSO

CRÉDITOS
SOLICITADOS

TAXAS DE MATRÍCULA
NORMAL / ALUMNOS U.VIGO(50%) / BOLSEIROS (75%)

SINATURA DOS/AS RESPONSABLES

RESPONSABLE DA ORGANIZACIÓN

D. / Dna.: _____

Data: ____ de _____ de 200__

PROFESOR/A RESPONSABLE ACADÉMICO

D. / Dna.: _____

Data: ____ de _____ de 200__

* No Nº de HORAS do Curso, Seminario, Actividade Académica só se contabilizan as horas de relatorios, ponencias, mesas redondas ou similares.

Solicitud de **Recoñecemento de Créditos de Libre Configuración**
por

Cursos, Seminarios, Xornadas e outras Actividades Académicas

2

BREVE DESCRIPCIÓN DO CURSO, SEMINARIO, XORNADAS...

OBXECTIVOS DO CURSO, SEMINARIO, XORNADAS

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

TITULACIÓN/S ¹ PARA AS QUE SE OUTORGAN CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN
(DEBE ACOMPAÑARSE CERTIFICADO DO ACORDO DA/S XUNTA/S DE CENTRO/S)

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

¹ Cando se autoriza o recoñecemento de créditos de libre configuración para tódalas titulacións dispensadas nun centro, póiase só a Facultade ou Escola da que se trate. Cando se trate de titulacións concretas dun centro, especifíquense as mesmas.

PROGRAMA ²

DÍA	
do de 200	
HORA	TÍTULO DO RELATORIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO RELATOR, CATEGORÍA E INSTITUCIÓN Á QUE PERTENCE	
<input type="text"/>	
HORA	TÍTULO DO RELATORIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO RELATOR, CATEGORÍA E INSTITUCIÓN Á QUE PERTENCE	
<input type="text"/>	
HORA	TÍTULO DO RELATORIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO RELATOR, CATEGORÍA E INSTITUCIÓN Á QUE PERTENCE	
<input type="text"/>	
HORA	TÍTULO DO RELATORIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO RELATOR, CATEGORÍA E INSTITUCIÓN Á QUE PERTENCE	
<input type="text"/>	
HORA	TÍTULO DO RELATORIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO RELATOR, CATEGORÍA E INSTITUCIÓN Á QUE PERTENCE	
<input type="text"/>	

² Empregar unha páxina (Programa) para cada día do Curso, Seminario ou Actividade Académica.

ANEXO I

FORMULARIOS
PARA A
LIBRE ELECCIÓN

CERTIFICADO *
PARA O
RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

.....

TÍTULO DO CURSO / SEMINARIO / ACTIVIDADE ACADÉMICA

CENTRO / DEPARTAMENTO/ INSTITUCIÓN ORGANIZADORA

DATAS DE CELEBRACIÓN

PROFESOR/A RESPONSABLE

NOME E APELIDOS DO ALUMNO OU ALUMNA

D.N.I. / PASAPORTE

TITULACIÓN PARA A QUE SE PRETENDE O RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS

CENTRO NO QUE SE IMPARTE

CAMPUS

DATAS DE AUTORIZACIÓN
XUNTA DE CENTRO

C.O.A.V.

NÚMERO DE CRÉDITOS
RECOÑECIDOS

SINATURA DO/A PROFESOR/A RESPONSABLE

VISTO E PRACE DO/A DECANO/A –

..... a do de

O PROFESOR/A RESPONSABLE

SINATURA

..... a do de

O DECANO/A – DIRECTOR/A

SINATURA E SELO

* Sò para os Cursos, Seminarios, e Actividades Académicas indicados no Artigo 36 da Normativa de L.E.

MATERIAS ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN DE TITULACIÓN - CURSO 200_ - 200_

CÓDIGO	NOME DA MATERIA			
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	GR. P
ÁREA DE COÑECEMENTO: NOME E CÓDIGO				
PROFESORIA				
CENTRO NO QUE SE IMPARTE				
CAMPUS				
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)			
TITULACIÓN PARA A QUE SE OFERTA				
CONTIDOS BÁSICOS				

CÓDIGO	NOME DA MATERIA			
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	GR. P
ÁREA DE COÑECEMENTO: NOME E CÓDIGO				
PROFESORIA				
CENTRO NO QUE SE IMPARTE				
CAMPUS				
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)			
TITULACIÓN PARA A QUE SE OFERTA				
CONTIDOS BÁSICOS				

MATERIAS ESPECÍFICAS PARA A LIBRE ELECCIÓN XERAL DE CAMPUS - CURSO 200_ - 200_

CÓDIGO	NOME DA MATERIA			
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	GR. P
ÁREA DE COÑECEMENTO: NOME E CÓDIGO				
PROFESOR/A				
CENTRO NO QUE SE IMPARTE			CAMPUS	
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)			
CONTIDOS BÁSICOS				

CÓDIGO	NOME DA MATERIA			
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	GR. P
ÁREA DE COÑECEMENTO: NOME E CÓDIGO				
PROFESOR/A				
CENTRO NO QUE SE IMPARTE			CAMPUS	
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)			
CONTIDOS BÁSICOS				

MATERIAS DE TITULACIÓN OFERTADAS PARA A LIBRE ELECCIÓN - CURSO 200_ - 200_

CÓDIGO	NOME DA MATERIA										
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	CR. P	GR. P	CR. L	GR. L	CR. L	GR. L	CR. L	
CÓDIGO	NOME DA ÁREA DE CONECEMENTO										
PROFESORIA											
CARÁCTER	TITULACIÓN NA QUE SE IMPARTE										CAMPUS
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)										
TITULACIONES PARA AS QUE SE OFERTA											
CONTIDOS BÁSICOS											

CÓDIGO	NOME DA MATERIA										
Nº PRAZAS	CR. TOT	CR. A	GR. A	CR. P	GR. P	CR. L	GR. L	CR. L	GR. L	CR. L	
CÓDIGO	NOME DA ÁREA DE CONECEMENTO										
PROFESORIA											
CARÁCTER	TITULACIÓN NA QUE SE IMPARTE										CAMPUS
CUADRIMESTRE	HORARIO: (DÍA / HORA)										
TITULACIONES PARA AS QUE SE OFERTA											
CONTIDOS BÁSICOS											